



Concello de Mugaros
(A Coruña)

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS TIPO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL VINCULADAS A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO. PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA. (PROGRAMA PEL CONCELLOS 2025)

Mediante Decreto núm. 2025 - 0307 (Resolución Área de urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior) de data 14.03.2025, prestouse aprobación as bases específicas reguladoras tipo de contratación laboral temporal vinculadas aos programas de activación para o emprego. Praza Auxiliar de biblioteca (Programa Pel - Concellos 2025) do concello de Mugaros. O texto íntegro das citadas bases é o que sigue:

“ BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS TIPO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL VINCULADAS A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO. PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA. (PROGRAMA PEL CONCELLOS 2025)

BASE 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

1.1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a cobertura temporal mediante o sistema de concurso – oposición, dunha praza de auxiliar de biblioteca, persoal laboral temporal, do Concello de Mugaros vinculada ao Programa Pel – Concellos 2025 aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, convocatoria 2025 mediante Resolución da presidencia da Deputación Provincial da Coruña aprobáronse as bases reguladoras do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2025 (PEL – CONCELLOS 2025), publicado no BOP núm. 200 do 16/10/2024.

1.2.- Características.

As prazas convocadas corresponden a unha praza de auxiliar de biblioteca

GRUPO CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	NÚMERO DE PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIBLE
IV	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	1	GRADUADO ESCOLAR , ESO OU EQUIVALENTE

A retribución bruta mensual a percibir será de 1.876,04 euros, correspondente á xornada completa (37,5 horas semanais), por tódolos conceptos salariais, excluídos os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

1.3.- Funcións

Segundo a Resolución da Deputación Provincial de A Coruña publicada no BOP núm. 200 de data 16.10.2024 pola que se aproba a concesión de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais, o concello de Mugardos colaborará co obxecto e finalidade descrito na Base específica segunda, a través dos servizos mínimos municipais, coa categoría auxiliar de biblioteca que desenvolverá as seguintes tarefas segundo a Memoria que obra no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 273/2025, baixo a supervisión da persoa empregada pública encargada da supervisión do programa:

Realizar accións tendentes á preservación, conservación e mantemento dos servizos mínimos municipais e así acadar unha mellora do entorno local

- Realizar tarefas de auxiliar de biblioteca:
 - tarefas de atención aos usuarios
 - tarefas de información xeral sobre a biblioteca e os seus servizos
 - tarefas correspondentes ao servizo de préstamo de documentos
 - colaboración no desenvolvemento de actividades culturais e de promoción á lectura

Para tal efecto utilizará as técnicas e os medios manuais e mecánicos axeitados, respectando as normativas vixentes sobre seguridade e hixiene, protección do usuario e do medio ambiente

BASE 2. NORMAS XERAIS

A convocatoria das prazas rexerá polas presentes bases, e no non previsto nestas Bases Específicas estarase ao disposto na normativa legal de aplicación e nas Bases Xerais polas que se rexerán as convocatorias incluídas no Programa Pel – Concellos 2025 do Concello de Mugardos.

BASE 3. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso – oposición, de conformidade coas puntuacións e méritos que se especifican nas Bases xerais.

BASE 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES





Concello de Mugardos
(A Coruña)

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito – menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas, así como os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumprido a lo menos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias, o título de Graduado escolar, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación

d) Non padecer enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo (certificado médico acreditativo expedido por un facultativo competente)

e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente





Concello de Mugardos
(A Coruña)

grupo/subgrupo, de conformidade coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 146 do 30 de xullo e DOG núm. 34 do 19 de febreiro, respectivamente):

Certificado de Lingua Galega 2 (CELGA 2) ou título equivalente debidamente homologado

En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.

g) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatibles coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

h) Figurar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e formar parte dalgún/s dos colectivos aos que se refire a base específica 4.2 das bases que regulan as subvencións para o Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL- Concellos 2023:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- Persoas vítimas de violencia de xénero





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Persoas sen fogar

i) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugardos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa Base xeral 6.

Documentación que deberán presentar xunto coa solicitude:

- fotocopia do DNI ou NIE
- Fotocopia do título de Graduado escolar, ESO ou equivalente
- xustificante bancario do abono de taxas de dereito ao exame ou documentación que acredite estar exento do pago
- Certificado do Servizo Público de Emprego acreditando a situación de desemprego e o tempo que leva en desemprego, actualizado á data de presentación da solicitude
- Certificado de Lingua Galega 2 (CELGA 2) ou título equivalente debidamente homologado
- Certificado médico acreditando que non padece enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo.
- Documentación acreditativa para a fase do concurso, se é o caso
- Documentación acreditativa da situación ou situacións de exclusión de cada traballador/a:

Mulleres	Fotocopia do DNI
persoas maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33% expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria
Persoas desempregadas de longa duración (que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos servizos sociais municipais
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	Informe dos servizos sociais municipais





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Persoas con fogar no que ninguén teña emprego	Informe dos servizos sociais municipais
Persoas con fogar monoparental	Informe dos servizos sociais municipais
Persoas sen fogar	Informe dos servizos sociais municipais
Persoas vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

ANEXO I. TEMARIO

1. A biblioteca: concepto e función. Biblioteca Municipal de Mugardos
2. Tratamento proceso técnico dos libros, publicacións periódicas e materiais especiais: rexistro, selaxe, magnetización. Conservación e preservación dos fondos.
3. Servizos aos usuarios na biblioteca municipal: orientación e atención ao público, servizos de referencia, procuras bibliográficas, difusión selectiva da información, formación de usuarios, consulta en sala e préstamo.
4. Internet e as bibliotecas. As redes sociais nas bibliotecas.”

